

INCIDENCIA, MORTALIDADE E SUPERVIVENCIA AO CANCRO GALICIA, ANO 2023

**Estimación realizada en base á
automatización dos datos do Sistema Público
de Saúde ata o ano 2022, e datos validados de
2023 (provisionais)**

Rexistro Galego de Tumores



Santiago de Compostela, Outubro 2025

Índice

RESUMO.....	7
1. INTRODUCCIÓN.....	10
2. METODOLOXÍA.....	11
2.1. Fontes de información.....	11
2.2. Definición de caso	11
2.3. Indicadores de incidencia, mortalidade e supervivencia.....	12
2.4. Indicadores de calidade do Rexistro	12
2.5. Discusión.....	13
2.6. Conclusións.....	¡Error! Marcador no definido.
3. INCIDENCIA DE TUMORES NO ANO 2023.....	19
3.1. Incidencia de tumores por grupo de idade e sexo no ano 2023	19
3.2. Incidencia de tumores por área sanitaria, por concello, e sexo no ano 2023.....	20
3.3. Incidencia de tumores por tipo tumoral e sexo no ano 2023	21
4. MORTALIDADE POR TUMORES NO ANO 2023	25
4.1. Mortalidade por tumores, por grupo de idade e sexo no ano 2023.....	25
4.2. Mortalidade por tumores por área sanitaria, por concello e sexo no ano 2023	26
4.3. Mortalidade por tumores, por tipo tumoral e sexo no ano 2023.....	27
5. SUPERVIVENCIA NO PERÍODO 2015-2019	31
5.1. Supervivencia observada e relativa a 5 anos no período 2015-2019	31
5.2. Probabilidade acumulada de morrer a 5 anos no período 2015-2019	33
5.3. Supervivencia por tipo tumoral e sexo no período 2015-2019	34
6. INDICADORES DE CALIDADE DO REXISTRO	38
BIBLIOGRAFÍA	40
ANEXO.....	41
A1. TUMORES DE BEIZO, CAVIDADE ORAL E FARINXE.....	42
A1.1. Incidencia de tumores de beizo, cavidade oral e farinxe no ano 2023	42
A1.2. Mortalidade por tumores de beizo, cavidade oral e farinxe no ano 2023	44
A1.3. Supervivencia a tumores de beizo, cavidade oral e farinxe no período 2015-2019	46
A2. TUMORES DE ESÓFAGO	48
A2.1. Incidencia de tumores de esófago no ano 2023.....	48
A2.2. Mortalidade por tumores de esófago no ano 2023	50
A2.3. Supervivencia a tumores de esófago no período 2015-2019.....	52

A3. TUMORES DE ESTÓMAGO	54
A3.1. Incidencia de tumores de estómago no ano 2023.....	54
A3.2. Mortalidade por tumores de estómago no ano 2023	56
A3.3. Supervivencia a tumores de estómago no período 2015-2019	58
A4. TUMORES DE COLON	60
A4.1. Incidencia de tumores de colon no ano 2023.....	60
A4.2. Mortalidade por tumores de colon no ano 2023	62
A4.3. Supervivencia a tumores de colon no período 2015-2019	64
A5. TUMORES DE RECTO E ANO	66
A5.1. Incidencia de tumores de recto e ano no ano 2023	66
A5.2. Mortalidade por tumores de recto e ano no ano 2023.....	68
A5.3. Supervivencia a tumores de recto e ano no período 2015-2019.....	70
A6. TUMORES COLORRECTAIS.....	72
A6.1. Incidencia de tumores colorrectais no ano 2023.....	72
A6.2. Mortalidade por tumores colorrectais no ano 2023	74
A6.3. Supervivencia a tumores colorrectais no período 2015-2019.....	76
A7. TUMORES DE FÍGADO	78
A7.1. Incidencia de tumores de fígado no ano 2023.....	78
A7.2. Mortalidade por tumores de fígado no ano 2023	80
A7.3. Supervivencia a tumores de fígado no período 2015-2019	82
A8. TUMORES DE VESÍCULA E VÍAS BILIARES	84
A8.1. Incidencia de tumores de vesícula e vías biliares no ano 2023.....	84
A8.2. Mortalidade por tumores de vesícula e vías biliares no ano 2023	86
A8.3. Supervivencia a tumores de vesícula e vías biliares no período 2015-2019.....	88
A9. TUMORES DE PÁNCREAS.....	90
A9.1. Incidencia de tumores de páncreas no ano 2023.....	90
A9.2. Mortalidade por tumores de páncreas no ano 2023.....	92
A9.3. Supervivencia a tumores de páncreas no período 2015-2019.....	94
A10. TUMORES DE LARINXE	96
A10.1. Incidencia de tumores de larinxe no ano 2023.....	96
A10.2. Mortalidade por tumores de larinxe no ano 2023	98
A10.3. Supervivencia a tumores de larinxe no período 2015-2019	100

A11. TUMORES DE PULMÓN	102
A11.1. Incidencia de tumores de pulmón no ano 2023	102
A11.2. Mortalidade por tumores de pulmón no ano 2023	104
A11.3. Supervivencia a tumores de pulmón no período 2015-2019	106
A12. MELANOMA DE PEL.....	108
A12.1. Incidencia de melanoma de pel no ano 2023	108
A12.2. Mortalidade por melanoma de pel no ano 2023.....	110
A12.3. Supervivencia a melanoma de pel no período 2015-2019	112
A13. TUMORES DE MAMA	114
A13.1. Incidencia de tumores de mama no ano 2023	114
A13.2. Mortalidade por tumores de mama no ano 2023.....	116
A13.3. Supervivencia a tumores de mama no período 2015-2019.....	118
A14. TUMORES DE CÉRVIX UTERINO	120
A14.1. Incidencia de tumores de cérvix uterino no ano 2023.....	120
A14.2. Mortalidade por tumores de cérvix uterino no ano 2023	122
A14.3. Supervivencia a tumores de cérvix uterino no período 2015-2019.....	124
A15. TUMORES DE CORPO UTERINO.....	126
A15.1. Incidencia de tumores de corpo uterino no ano 2023	126
A15.2. Mortalidade por tumores de corpo uterino no ano 2023.....	128
A15.3. Supervivencia a tumores de corpo uterino no período 2015-2019.....	130
A16. TUMORES DE OVARIO.....	132
A16.1. Incidencia de tumores de ovario no ano 2023	132
A16.2. Mortalidade por tumores de ovario no ano 2023	134
A16.3. Supervivencia a tumores de ovario no período 2015-2019	136
A17. TUMORES DE PRÓSTATA.....	138
A17.1. Incidencia de tumores de próstata no ano 2023.....	138
A17.2. Mortalidade por tumores de próstata no ano 2023.....	140
A17.3. Supervivencia a tumores de próstata no período 2015-2019.....	142
A18. TUMORES DE TESTÍCULO.....	144
A18.1. Incidencia de tumores de testículo no ano 2023	144
A18.2. Mortalidade por tumores de testículo no ano 2023	146
A18.3. Supervivencia a tumores de testículo no período 2015-2019	148

A19. TUMORES DE RIL.....	150
A19.1. Incidencia de tumores de ril no ano 2023.....	150
A19.2. Mortalidade por tumores de ril no ano 2023	152
A19.3. Supervivencia a tumores de ril no período 2015-2019	154
A20. TUMORES DE VEXIGA URINARIA.....	156
A20.1. Incidencia de tumores de vexiga urinaria no ano 2023	156
A20.2. Mortalidade por tumores de vexiga urinaria no ano 2023.....	158
A20.3. Supervivencia a tumores de vexiga urinaria no período 2015-2019.....	160
A21. TUMORES DE ENCÉFALO E SNC.....	162
A21.1. Incidencia de tumores de encéfalo e SNC no ano 2023.....	162
A21.2. Mortalidade por tumores de encéfalo e SNC no ano 2023.....	164
A21.3. Supervivencia a tumores de encéfalo e SNC no período 2015-2019	166
A22. TUMORES DE TIROIDES	168
A22.1. Incidencia de tumores de tiroides no ano 2023	168
A22.2. Mortalidade por tumores de tiroides no ano 2023	170
A22.3. Supervivencia a tumores de tiroides no período 2015-2019	172
A23. LINFOMA DE HODGKIN	174
A23.1. Incidencia de linfoma de hodgkin no ano 2023.....	174
A23.2. Mortalidade por linfoma de hodgkin no ano 2023	176
A23.3. Supervivencia a linfoma de hodgkin no período 2015-2019	178
A24. LINFOMAS NON HODGKINIANOS.....	180
A24.1. Incidencia de linfomas non hodgkinianos no ano 2023	180
A24.2. Mortalidade por linfomas non hodgkinianos no ano 2023.....	182
A24.3. Supervivencia a linfomas non hodgkinianos no período 2015-2019	184
A25. MIELOMA	186
A25.1. Incidencia de mieloma no ano 2023	186
A25.2. Mortalidade por mieloma no ano 2023	188
A25.3. Supervivencia a mieloma no período 2015-2019	190
A26. LEUCEMIAS.....	192
A26.1. Incidencia de leucemias no ano 2023	192
A26.2. Mortalidade por leucemias no ano 2023.....	194
A26.3. Supervivencia a leucemias no período 2015-2019.....	196

A27. OUTROS TUMORES	198
A27.1. Incidencia de outros tumores no ano 2023.....	198
A27.2. Mortalidade por outros tumores no ano 2023	200
A27.3. Supervivencia a outros tumores no período 2015-2019	202

RESUMO

- Este informe resume os principais resultados do Rexistro Galego de Tumores (REGAT) sobre a incidencia, mortalidade e supervivencia ao cancro en Galicia no ano 2023.
- REGAT permite estimar a incidencia de tumores en Galicia dende o ano 2015, a partir da automatización dos datos do sistema sanitario público, que se procesan segundo os estándares da *Axencia Internacional de Investigación sobre o Cancro/Asociación Internacional de Rexistros de Cancro* (IARC/IACR), e da Rede Europea de Rexistros de Cancro (ENCR). Os datos do ano 2023 son os primeiros captados polo REGAT que están validados manualmente na súa totalidade, polo que as cifras de incidencia son valores reais mais que estimacións. Aínda así, as cifras actuais aínda son provisionais, dado que é preciso un período de tres anos para que os datos dun rexistro se consoliden.
- No ano 2023 rexistráronse en Galicia 17.322 tumores incidentes, excluindo os de pel non melanoma, 9.957 en homes (57,5%) e 7.365 en mulleres (42,5%). Isto supón que se diagnosticaron 767 novos tumores por cada 100.000 homes, e 526 por cada 100.000 mulleres. A incidencia aumenta coa idade, tanto en homes como en mulleres, e no grupo de 65 anos ou máis producíronse o 70% e 60% dos tumores, respectivamente.
- Os datos de incidencia de tumores por áreas sanitarias mostran unha incidencia superior á media de Galicia nas áreas de Ferrol, Pontevedra e Vigo en homes, e nas de Santiago, Ferrol, e Vigo nas mulleres.
- Os tumores de maior incidencia nos homes foron os de próstata (26,4%), pulmón (14,6%) e colorrectais (14,3%), que en conxunto supoñen máis da metade dos tumores diagnosticados. Nas mulleres, as localizacións que acumulan algo máis do 50% dos tumores foron: mama (32,5%), colorrectais (13,4%) e pulmón (7,9%).
- A razón de incidencia home: muller para o conxunto de tumores excepto pel non melanoma, é de 1,6 no ano 2023. É dicir, por cada 100 tumores en mulleres diagnóstícanse 160 en homes. Esta razón é superior a 1 para tódolos tipos de tumor, excepto para o cancro de tiroides (0,3), e os valores máis altos obsérvanse nos tumores de larinxe (9,5), esófago (5,2), vexiga urinaria (5,1) e fígado (4,4).
- A taxa de incidencia acumulada ata os 74 anos foi de 36,6% en homes e de 25,0% en mulleres, é dicir, se se mantén en Galicia o nivel de incidencia do ano 2023, 1 de cada 3 homes e 1 de cada 4 mulleres residentes na nosa comunidade desenvolverán un cancro antes dos 75 anos.
- No ano 2023 faleceron en Galicia 4.890 homes (60%) e 3.214 mulleres (40%) a causa do cancro, o que supón un total de 8.104 defuncións cunha distribución por sexo semellante á da incidencia. As taxas brutas de mortalidade foron de 376 e 229 defuncións por cada 100.000 habitantes en homes e mulleres, respectivamente.
- Ao igual que sucede coa incidencia, as taxas de mortalidade por cancro aumentan coa idade, e no grupo de persoas de 65 anos ou máis concéntranse o 80% das defuncións,

tanto en homes como en mulleres. Neste grupo de idade, faleceron 1.291 homes e 637 mulleres por cada 100.000, pero no grupo de adultos mozos (15-44 anos) a mortalidade foi lixeiramente superior nas mulleres, con taxas brutas de 11 e 14 defuncións por 100.000 habitantes, respectivamente.

- As áreas sanitarias de Pontevedra e Vigo teñen unha mortalidade por cancro superior á media de Galicia, tanto en homes como en mulleres, como indican as taxas de mortalidade axustadas. Ademais, as áreas de Santiago e Ferrol tamén teñen unha maior mortalidade por cancro, comparadas co global de Galicia, nos homes.
- Nos homes galegos os tumores que causaron máis defuncións no ano 2023 foron os de pulmón (24,6%), seguidos polos colorrectais (13,1%) e os da próstata (9,9%), que coinciden cos de maior incidencia pero en distinta orde. Nas mulleres, o cancro de mama, que era o de maior incidencia, ocupa a terceira posición por número de defuncións (12,1%), despois dos tumores colorrectais (14,3%) e os de pulmón (12,7%).
- Na poboación galega a mortalidade por tumores nos homes é o dobre que nas mulleres. Igual que sucedía coa incidencia, a razón de mortalidade home:muller é superior a 1 para tódolos tipos de tumor, excepto para o cancro de tiroides (0,6), e os tres valores máis altos obsérvanse nos mesmos tumores: larinxe (11,8), esófago (5,7) e vexiga urinaria (4,8).
- A taxa de mortalidade por cancro acumulada ata os 74 anos foi superior nos homes, cun 12,9% fronte a un 6,6% nas mulleres. Polo tanto, en Galicia falecerán por cancro antes dos 75 anos, 2 de cada 15 homes e 1 de cada 15 mulleres, asumindo que se manteñan as taxas de mortalidade por cancro do ano 2023.
- A supervivencia observada na poboación galega diagnosticada de cancro no quinquenio 2015-19 foi do 72,4% ao ano do diagnóstico, e do 52,4% aos 5 anos. Estas cifras aumentarían ao 74,6% e 61,3%, respectivamente, se o cancro fose a única causa posible de defunción (supervivencia relativa).
- A supervivencia relativa ao cancro é máis alta nas mulleres que nos homes, con valores de 66,3% e 58,0%, respectivamente, aos 5 anos do diagnóstico. Paralelamente, a probabilidade de falecer por cancro aos 5 anos do diagnóstico é do 40,6% nos homes galegos, e do 32,9% nas mulleres.
- En Galicia, os tumores con peor supervivencia aos 5 anos son os de encéfalo e SNC (18,9%) e os de pulmón (19,4%) nos homes, e os de fígado (22,3%) e encéfalo e SNC (22,4%) nas mulleres. Pola contra, superan o 90% de supervivencia aos 5 anos os tumores de tiroides e testículo nos homes, e os de mama, tiroides e melanoma de pel nas mulleres. En xeral, os tumores hematolóxicos teñen unha supervivencia intermedia aos 5 anos, que varía entre o 80% para os linfomas de Hodgkin e o 47% para as leucemias.

- O cancro de mama é o que ten unha maior incidencia nas mulleres galegas, con 2.396 novos casos diagnosticados no ano 2023, o que supón unha taxa bruta de 171 casos por cada 100.000 mulleres. Aínda que a supervivencia aos 5 anos supera o 90%, o cancro de mama foi a terceira causa de mortalidade por tumores en Galicia no ano 2023, con 28 defuncións por cada 100.000 mulleres.
- No ano 2023 diagnosticáronse en Galicia 112 novos tumores de pulmón por cada 100.000 homes, e 42 por cada 100.000 mulleres, cun total de 2.031 casos. Este tipo de cancro ocupa a segunda e terceira posición, por número de casos incidentes, en homes e mulleres, respectivamente. A incidencia de cancro de pulmón aumenta a partir dos 55 anos, e as taxas específicas acadan os valores máximos no grupo de 75-84 anos nos homes, e no de 65-74 nas mulleres. En canto á mortalidade, o cancro de pulmón é a primeira causa de defunción por cancro nos homes, e a segunda nas mulleres, e a supervivencia é baixa: case o 80% dos homes e o 67% das mulleres con cancro de pulmón falecen antes dos 5 anos tras o diagnóstico.
- En Galicia, no ano 2023, diagnosticáronse un total de 2.406 novos tumores de cancro colorrectal, cunha taxa de 109 casos por 100.000 homes e 70 casos por 100.00 mulleres. Este tipo de cancro ocupa a terceira posición nos homes, e a segunda posición nas mulleres, segundo o número de casos incidentes. A incidencia do cancro colorrectal aumenta a partir dos 55 anos, acadando as taxas específicas o seu valor máximo nos homes no grupo de 75-84 anos e nas mulleres no grupo de 85 e máis anos. En canto a mortalidade, o cancro colorrectal é a terceira causa de mortalidade tanto en homes como en mulleres en Galicia. A supervivencia aos 5 anos sitúase no 66% tanto para homes como para mulleres.
- Respecto aos indicadores de calidade do REGAT para o ano de incidencia 2023, a porcentaxe de verificación microscópica presenta valores similares aos publicados pola IARC para os rexistros de base poboacional do noso país. Tanto os valores da porcentaxe de verificación microscópica, como da razón de mortalidade sobre incidencia (M:I), son concordantes co establecido polos organismos de referencia, o que indica unha boa validez e exhaustividade do REGAT.
- En resumo, o cancro continúa a ser un importante problema de saúde pública en Galicia, especialmente a idades avanzadas. Os datos de REGAT do ano 2023 permiten identificar os tumores con maior incidencia (próstata, pulmón, colorrectal e mama) e os que requiren atención prioritaria pola súa letalidade (páncreas, pulmón). É fundamental continuar co fortalecemento dos programas de prevención e diagnóstico precoz, e do rexistro de tumores con datos de calidade.

1. INTRODUCCIÓN

O Rexistro Galego de Tumores (REGAT)¹ é un rexistro de base poboacional que identifica e rexistra, de forma exhaustiva e continuada, os tumores novos diagnosticados na poboación residente en Galicia dende o ano 2010.

REGAT captura automaticamente datos de dúas fontes do Sistema Sanitario Galego: Anatomía Patolóxica (APA), e o Conxunto mínimo básico de datos de hospitalización de agudos (CMBD-HA), ademais da información proporcionada por Tarxeta Sanitaria e polo Rexistro de mortalidade de Galicia. Os datos capturados por REGAT válídanse mediante algoritmos incorporados á aplicación.

REGAT segue as normas internacionais de funcionamento dos rexistros de cancro de base poboacional, que comprenden dende a definición dos casos, a codificación, as regras de validación ata a elaboración de resultados. En concreto, empréganse as recomendacións da *Axencia Internacional de Investigación sobre o Cancro/Asociación Internacional de Rexistros de Cancro* (IARC/IACR)^{2,3} e da *Rede Europea de Rexistros de Cancro* (ENCR)⁴. Estas normas aplícanse para garantir a calidade dos datos e a comparabilidade entre os diferentes rexistros poboacionais de todo o mundo.

De cara a realizar este informe, os datos resultantes do proceso de automatización validáronse mediante o programa *IARCcrgTools* de 2005⁵ (Check And Conversion Programs For Cancer Registries da IARC/IACR).

No informe preséntase:

- A incidencia de tumores en Galicia no ano 2023, por localización, sexo e idade. Tamén se presenta a evolución da incidencia de cada tipo tumoral no período 2015-2023. Os datos dos anos 2010-2014 empregáronse como filtro de tumores prevalentes.
- A mortalidade por tumores en Galicia no ano 2023, por localización, sexo e idade.
- A supervivencia a tumores en Galicia na cohorte de pacientes diagnosticados no período 2015-2019, por localización, sexo e tempo dende o diagnóstico (ata os 5 anos).
- Dous indicadores de calidade para avaliar a validez e a exhaustividade dos datos de REGAT do ano 2023.

2. METODOLOXÍA

2.1. Fontes de información

Os datos de tumores incidentes proceden do Rexistro Galego de Tumores, que recolle información de todos os tumores diagnosticados en persoas residentes en Galicia dende o ano 2010.

REGAT utiliza como clasificación de enfermidades a *Clasificación Internacional de Enfermidades para Oncoloxía*⁶, terceira edición (CIE-O 3) do ano 2000; e a primeira revisión da CIE-O 3 do ano 2013 (CIE-O 3.1), que se empezou a aplicar a partir do ano 2016 (incluído).

Os datos de mortalidade proceden do Rexistro Galego de Mortalidade, codificados dende 1998 coa *Clasificación Internacional de Enfermidades 10ª Revisión* (CIE-10).

A poboación residente en Galicia, por sexo e grupo de idade, obtívose do Instituto Galego de Estatística e procede do Padrón Municipal de Habitantes ata o ano 2022, e do Censo de 2023.

2.2. Definición de caso

Considéranse como casos os tumores malignos primarios diagnosticados por primeira vez en residentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

A unidade de rexistro en REGAT é o tumor, non o individuo, xa que un mesmo individuo pode presentar dous o máis tumores primarios. Por tanto, a incidencia reflicte o número de tumores primarios, non o número de persoas con cancro. Os tumores múltiples identifícanse seguindo as normas e criterios da IARC/IACR e da ENCR⁷.

Os casos inclúen:

- Os tumores con comportamento /3, segundo a CIE-O 3/ CIE-O 3.1.
- As neoplasias da vexiga urinaria con comportamento incerto (/1) e in situ (/2).

Exclúen:

- Todos os tumores de pel, excepto os de melanoma.

Tanto para incidencia como para mortalidade analizáronse as localizacións tumorais da Red Española de Registros de Cáncer (REDECAN)^{8,9}, definidas segundo a CIE-10, e que inclúen todos os tumores malignos invasores, agás pel non melanoma (códigos C00-C96, excepto C44), e os tumores in situ de vexiga urinaria (D09.0) e os de comportamento incerto (D41.4) (táboas 1 e 2).

A codificación CIE-O 3.1 dos tumores transformouse a codificación CIE-10 mediante o programa *IARCcrgTools* de 2005⁵.

2.3. Indicadores de incidencia, mortalidade e supervivencia

Calculáronse os seguintes indicadores de incidencia e mortalidade:

- Frecuencia: número e porcentaxe de tumores incidentes ou defuncións.
- Taxa bruta: número de tumores incidentes ou defuncións por cada 100.000 habitantes.
- Taxa específica por idade: número de tumores incidentes ou defuncións nun determinado grupo de idade por cada 100.000 persoas dese grupo de idade.
- Taxa axustada por idade: taxa axustada polo método directo á poboación estándar mundial¹⁰ ou á nova poboación estándar europea (2013)¹¹ a partir das taxas específicas por grupos de idade quinquenais (desglosando <1 ano e 1-4 anos) ata 85 e máis anos. Exprésase en tanto por 100.000 habitantes.
- Taxa acumulada de 0 a 74 anos: suma das taxas específicas por idade entre 0 e 74 anos. Preséntase en tanto por 100.
- Razón home/muller: cociente entre as taxas de homes e as de mulleres. Calcúlase coas taxas de incidencia ou mortalidade axustadas á poboación europea.

Calculáronse os seguintes indicadores de supervivencia¹²:

- Supervivencia observada: supervivencia considerando todas as causas de morte.
- Supervivencia relativa: supervivencia considerando o cancro en estudio como a única causa posible de morte. Calcúlase como o cociente entre a supervivencia observada e a esperada na poboación xeral, empregando o método de Ederer II. A supervivencia relativa preséntase con intervalos de confianza do 95%.
- Probabilidade de morrer por cancro: é a probabilidade de morrer polo cancro en estudio nun contexto de riscos competitivos.
- Probabilidade de morrer por outra causa: é a probabilidade de morrer por una causa distinta ao cancro en estudio nun contexto de riscos competitivos.

Para estimar a supervivencia considerouse como data fin de seguimento a da defunción ou o 31-12-23, o que primeiro sucedera.

2.4. Indicadores de calidade do Rexistro

Todos os rexistros poboacionais de cancro deben proporcionar indicadores de calidade dos datos recollidos. O IARC recomenda unha serie de indicadores que valoran catro dimensións da calidade: comparabilidade, validez, oportunidade e exhaustividade.

A comparabilidade está garantida cando se empregan criterios estandarizados para a clasificación e codificación dos casos. A validez fai referencia á exactitude dos casos rexistrados, e a oportunidade refírese ao equilibrio entre a rapidez na comunicación dos datos e o seu nivel de exactitude e exhaustividade. Esta última dimensión informa da capacidade do rexistro para identificar todos os casos.

Dado que o REGAT comezou a realizar validación manual exhaustiva dos casos no ano 2023, neste informe preséntanse dous indicadores de calidade, un de validez e outro de exhaustividade. A medida que avance o desenvolvemento do REGAT iranse incorporando novos indicadores.

Os indicadores que se calcularon son:

- Porcentaxe de verificación microscópica (VM): utilizado como un indicador de validez do rexistro, é a porcentaxe de casos cun diagnóstico morfolóxicamente verificado, é dicir, nos que o diagnóstico está baseado na histoloxía ou citoloxía/hematoloxía. Este tipo de diagnóstico está considerado tradicionalmente como un *gold standard*, mentres que o diagnóstico baseado noutros criterios considérase menos preciso. Polo tanto, unha elevada porcentaxe de diagnósticos microscópicamente verificados garante a validez dos datos.

A porcentaxe de VM tamén pode ser empregada como un indicador de exhaustividade do rexistro. Así, unha porcentaxe moi alta de VM pode ser indicativo da existencia de subrexistro de casos.

- Razón de mortalidade sobre incidencia (M:I): utilizado como un indicador de exhaustividade do rexistro, é o cociente entre o número de defuncións por un determinado tipo de cancro e o número de tumores incidentes do mesmo tipo e no mesmo período. Valores deste indicador superiores a 1 son indicativos dun posible subrexistro, aínda que en tumores nos que diminúa a incidencia no tempo, e a mortalidade sexa estable, ou en tumores con mortalidade elevada, tamén se pode observar unha razón M:I superior a 1 sen que exista subrexistro (como por exemplo nos tumores de pulmón, encéfalo, fígado, esófago e páncreas).

2.5. Discusión

- Os datos de incidencia deste informe están agrupados e axustados de xeito que permitan a comparación cos rexistros existentes no ámbito nacional. Pero, seguindo as recomendacións dos organismos internacionais de referencia no rexistro do cancro, ademais dos tumores publicados no informe, o REGAT rexistra tamén información sobre os tumores benignos e de comportamento incerto de cerebro e sistema nervioso central, e de hipófise e glándula pineal. Tamén se recollen os tumores de comportamento incerto do timo e ovario, así como os tumores de comportamento *in situ* de mama, melanoma de pel, cérvix e ovario.
- Os datos para o ano de incidencia 2023 están integramente validados por técnicos superiores en documentación sanitaria, acreditados para tal fin. Aínda así, os datos deben tomarse como provisionais, dado que os organismos internacionais de referencia para os rexistros de cancro esixen un mínimo de 3 anos consecutivos con datos completos e validados manualmente (preferentemente 5 anos validados) para conseguir a estabilidade estatística. Este período temporal permite a redución de nesgos, dado que moitos cancros teñen diagnósticos tardíos ou atrasos na notificación por distintos motivos, entre os que se atopa o diferente grao de desenvolvemento dos sistemas de información de Anatomía

Patolóxica que proporcionan datos ao REGAT. Ao contar con 3 anos validados redúcese o risco de subrexistro ou de sobreestimación puntual debidos a estes desfases. Ademais, os datos dun único ano non permiten avaliar a calidade do rexistro no relativo á consistencia e robustez do mesmo ao longo do tempo.

Tampouco foi posible calcular dous indicadores de calidade que se obteñen do Rexistro de Mortalidade de Galicia, porque aínda non se puido incorporar como fonte de datos ao REGAT. Estes indicadores son a porcentaxe de casos notificados inicialmente por un certificado de defunción (NCD), e a porcentaxe de casos nos que a única información dispoñible é a do certificado de defunción (SCD). Aínda así, unha análise preliminar estima para a porcentaxe de tumores NCD en Galicia un valor do 5,4% (datos non publicados, informe interno), que estaría en liña cos valores de referencia propostos pola IARC.

Respecto á oportunidade dos datos, outro dos criterios de calidade do rexistro, a publicación do informe dentro dun período de dous anos con respecto ao ano de incidencia, é un valor que fala da calidade do rexistro, dado que se posiciona dentro dos criterios establecidos polos organismos de referencia na materia.

- Aínda que os datos de incidencia dun único ano so permiten avaliar parcialmente a calidade do rexistro nin conseguir a estabilidade estatística, a modo exploratorio comparáronse os datos de REGAT do ano 2023 coas estimacións publicadas para España e para Galicia. Así, o número total de tumores incidentes en Galicia no ano 2023 parece indicar, tanto en homes como en mulleres, un lixeiro subrexistro no REGAT cando se comparan coas estimacións da *Asociación Española contra el Cáncer* para Galicia nese mesmo ano¹³. O mesmo sucede ao comparar as taxas de incidencia de tumores en Galicia coas estimacións publicadas por REDECAN⁹.

- Ata o ano 2022 os datos de incidencia de REGAT son froito da automatización, sen someterse a ningunha intervención manual, pero poden considerarse unha boa aproximación á incidencia real de tumores en Galicia, como puxo de manifesto unha avaliación global do sistema (informe interno) previa á publicación do primeiro informe de incidencia do ano 2021. Aínda así, a incorporación dos datos do ano 2023, validados manualmente na súa totalidade, ás estimacións do período 2015-2022, supón un cambio metodolóxico na serie anual de incidencia que non permite a comparación entre os datos estimados (ata 2022) e validados (2023).

No cancro de mama, por exemplo, os datos do ano 2023 parecen indicar un aumento da incidencia deste cancro con respecto ao período de datos non validados (figura 85), pero o máis probable é que a incidencia do ano 2023 estea afectada por varios factores como son: o refinamento nos algoritmos de captura da información de Anatomía Patolóxica; a inclusión do CMBD de centros privados; e a ampliación do rango de idade do cribado ata os 74 anos. Situacións similares poden acontecer nun sentido ou outro no resto de tumores.

Polo tanto, para poder analizar as tendencias da serie completa sería necesario ter validados os anos de incidencia anteriores ao ano 2023. Debido a isto, o cambio na serie

indícase nas figuras de evolución das taxas de incidencia cunha liña vertical que separa os anos 2022 e 2023.

- Os valores de incidencia que se presentan neste informe poden estar subestimados na medida na que algúns tumores non figuren nas fontes de información de REGAT captadas a través da automatización. Con carácter xeral, isto estaría relacionado con pacientes que non dispoñen de ningún diagnóstico do tumor realizado nun servizo de anatomía patolóxica do sistema público de saúde de Galicia, nin ingresaran polo tumor nun dos seus hospitais. Isto afecta con especial intensidade aos tumores hematolóxicos, mesmo os tratados en centros públicos. Polo tanto, a incorporación a REGAT da fonte de datos de hematoloxía, tanto de centros públicos como privados, identifícase como unha área de mellora do rexistro.

Por outra banda, aínda que a asistencia oncolóxica completamente privada en Galicia ronda o 2% (datos internos do Sergas), débese ter en conta que determinadas localizacións tumorais son máis frecuentemente atendidas no sector privado, como poden ser a mama, o cérvix uterino ou o cancro de pel, o que pode afectar ás taxas de incidencia destes tumores. Polo tanto, outras fontes que se deberían incorporar a REGAT son as de anatomía patolóxica e CMBD de centros non Sergas, o que permitiría captar esa mínima porcentaxe de tumores con asistencia completamente privada.

En calquera caso, os datos de incidencia do ano 2023 están menos afectados por este problema que os de anos anteriores, xa que se incorporaron manualmente datos procedentes doutras fontes. En primeiro lugar, analizáronse e validáronse todos aqueles casos provenientes dos ingresos nos hospitais privados de Galicia nos que se puido conseguir información sobre o tumor, ao ser atendidos nalgún intre do seu proceso oncológico no sistema público de saúde de Galicia. Por outra banda, na nosa comunidade autónoma está en funcionamento o Rexistro de Melanoma de Galicia, que se empregou para completar os datos de REGAT do ano 2023, pero este proceso puxo de manifesto que o nivel de cumprimento e mantemento do Rexistro de Melanoma é variable entre as distintas áreas sanitarias, o que puido afectar ás incidencias de melanoma por zona xeográfica.

En canto a grupos poboacionais específicos, as taxas de incidencia de cancro en nenos e adolescentes de Galicia poden estar infraestimadas por varias situacións. En primeiro lugar, o problema xa mencionado dos tumores hematolóxicos afecta especialmente a este grupo de poboación, debido ao peso relativo que estes tumores teñen no cancro infantil. Isto apunta, unha vez máis, á importancia de incorporar a hematoloxía como fonte de datos ao REGAT. Por outra banda, determinados tipos de cancro infantil diagnosticados en Galicia estanse a derivar a outros centros españois de referencia, polo que estes tumores non son captados polo REGAT.

Por último, cabe sinalar que a distribución xeográfica do cancro na nosa comunidade podería estar influída por procesos de automatización do REGAT que non sexan capaces de identificar aquelas situacións nas que un paciente de determinada área sanitaria é atendido noutra área por carecer de certos servizos na súa; ou que cambien de domicilio

no ámbito autonómico, unha vez diagnosticados, para recibir determinados tratamentos ou coidados asistidos pola súa familia.

- Os distintos nescos xa comentados que poden afectar aos datos de incidencia de tumores non inflúen, previsiblemente, nos de supervivencia, agás que os tumores non captados por REGAT teñan unha distribución diferente en canto a factores prognósticos, pero aínda así o impacto sería pequeno dado que supoñen unha mínima porcentaxe do total de tumores. Por outra parte, os datos de supervivencia incluídos neste informe son brutos, é dicir, non se especifican en función de características que, como o estadio, poden estar asociadas a supervivencias moi diferentes. Isto débese a que non se dispón desa información para anos anteriores ao 2023, pero a validación manual permitiu incorporar no ano 2023 datos sobre o estadio da enfermidade para os tumores de mama, colorrectal, cérvix e pulmón, así como o perfil biolóxico da mama.

2.6. Conclusións

Este informe supón un fito en Galicia ao presentar os principais resultados do Rexistro Galego de Tumores (REGAT) para o ano de incidencia 2023 con datos validados manualmente por técnicos formados para tal fin.

O cancro é un importante problema de saúde pública en Galicia, especialmente a idades avanzadas. Os datos de REGAT do ano 2023 permiten identificar os tumores con maior incidencia (próstata, pulmón, colorrectal e mama) e os que requiren atención prioritaria pola súa letalidade (páncreas, pulmón).

Con todo, é importante lembrar que os datos de incidencia dun só ano non permite extraer conclusións sobre a situación do cancro en Galicia en relación ao noso contorno, dado que é necesario un mínimo de 3 anos consecutivos (idealmente 5 anos) para avaliar a estabilidade estatística e a calidade do rexistro. Aínda así, este é o inicio dunha serie que permitirá obter información valiosa sobre a epidemioloxía do cancro na nosa comunidade autónoma, e os seus datos poderán utilizarse para o control da enfermidade en moi diversas áreas.

Por todo elo é fundamental continuar co fortalecemento dos programas de prevención e diagnóstico precoz, e do rexistro de tumores, aplicando os estándares internacionais que garantan a calidade dos datos; e permitan que estes sexan comparables, exhaustivos, válidos e oportunos.



Tipo tumoral		CIE-10
1	Beizo, cavidade oral e farinxe	C00-C14
2	Esófago	C15
3	Estómago	C16
4	Colon	C18
5	Recto e ano	C19-C21
6	Colorrectal	C18-C21
7	Fígado	C22
8	Vesícula e vías biliares	C23-C24
9	Páncreas	C25
10	Larinxe	C32
11	Pulmón	C33-C34
12	Melanoma de pel	C43
13	Mama feminina	C50
14	Cérvix uterino	C53
15	Corpo uterino	C54
16	Ovario	C56
17	Próstata	C61
18	Testículo	C62
19	Ril	C64
20	Vexiga urinaria	C76, D09.0, D41.4
21	Encéfalo e SNC	C70-C72
22	Tiroides	C73
23	Linfoma de Hodgkin	C81
24	Linfomas non hodgkinianos	C82-C86, C96
25	Mieloma	C90
26	Leucemias	C91-C95
27	Outros	Táboa 2
28	Todos, excepto de pel non melanoma	C00-C96 (agás C44)

Táboa 1.- Tipos tumorais analizados nos informes da Red Española de Registros de Cáncer (REDECAN).



Outros tumores (REDECAN)	CIE-10
Intestino delgado	C17
Órganos dixestivos non especificados	C26
Cavidade nasal e senos	C30-C31
Timo	C37
Corazón, mediastino e pleura	C38
Órganos torácicos mal definidos	C39
Oso e cartílagos	C40-C41
Mesotelioma	C45
Sarcoma de Kaposi	C46
Tecidos brandos	C47, C49
Peritoneo	C48
Mama masculina	C50
Vulva	C51
Vaxina	C52
Útero SAI	C55
Outros órganos xenitais femininos e non especificados	C57
Placenta	C58
Pene	C60
Outros órganos xenitais masculinos e non especificados	C63
Pelvis renal	C65
Uréter	C66
Outros órganos urinarios e non especificados	C68
Olo	C69
Glándula suprarrenal	C74
Outras glándulas endócrinas e de estruturas afíns	C75
Mal definido	C76
Primario descoñecido	C80
Enfermidades inmunoproliferativas malignas	C88

Táboa 2.- Tumores incluídos na categoría de "outros" nos informes da Red Española de Registros de Cáncer (REDECAN).

3. INCIDENCIA DE TUMORES NO ANO 2023

3.1. Incidencia de tumores por grupo de idade e sexo no ano 2023

Táboa 3. Número de casos incidentes de tumores, taxa bruta (TB) e taxa axustada á nova poboación estándar europea (TA) por grupo de idade e sexo. Galicia, ano 2023.

Grupo de idade	Tumores en homes				Tumores en mulleres			
	Nº	%	TB	TA	Nº	%	TB	TA
0-14 anos	19	0,2	12,2	12,2	21	0,3	14,4	14,6
15-44 anos	275	2,8	64,4	59,8	534	7,3	127,3	112,1
45-64 anos	2.650	26,6	643,9	649,6	2.406	32,7	560,0	559,4
>=65 anos	7.013	70,4	2.297,8	2.294,0	4.404	59,8	1.087,9	1.077,2
Todas as idades	9.957	100,0	766,5	644,2	7.365	100,0	525,9	403,2




Figura 1. Taxas específicas de incidencia de tumores por sexo. Galicia, ano 2023.

3.2. Incidencia de tumores por área sanitaria, por concello, e sexo no ano 2023

Táboa 4. Número de casos incidentes de tumores, taxa bruta (TB) e taxa axustada á nova poboación estándar europea (TA) por área sanitaria e sexo. Galicia, ano 2023.

Área sanitaria	Tumores en homes				Tumores en mulleres			
	Nº	%	TB	TA	Nº	%	TB	TA
A Coruña	1.922	19,3	718,7	628,6	1.410	19,1	481,3	378,2
Santiago	1.542	15,5	715,5	613,1	1.259	17,1	544,9	424,0
Ferrol	784	7,9	878,2	692,1	575	7,8	596,0	440,6
Lugo	1.340	13,5	851,7	637,9	877	11,9	525,4	369,3
Ourense	1.272	12,8	869,6	630,3	846	11,5	534,5	362,6
Pontevedra	1.101	11,1	742,4	677,9	791	10,7	498,9	401,1
Vigo	1.996	20,0	726,0	670,2	1.607	21,8	542,7	441,6
Galicia	9.957	100,0	766,5	644,2	7.365	100,0	525,9	403,2




Figura 2. Taxas axustadas de incidencia de tumores por comarca e sexo. Galicia, ano 2023.

3.3. Incidencia de tumores por tipo tumoral e sexo no ano 2023




Figura 3. Número de casos incidentes de tumores por tipo tumoral e sexo. Galicia, ano 2023.

Táboa 5. Número e porcentaxe de tumores incidentes, taxa bruta e taxas axustadas ás poboacións estándar mundial e nova europea e taxa acumulada de 0-74 anos. Datos por tipo de tumor en homes. Galicia, ano 2023.

Tipo tumoral	Número	Porcentaxe	Taxa bruta	Taxas axustadas		Taxa acumulada 0-74 anos
				Mundial	Europea 2013	
Beizo, cavidade oral e farinx	266	2,7	20,5	10,1	17,5	1,2
Esófago	110	1,1	8,5	3,6	7,1	0,4
Estómago	276	2,8	21,2	8,2	17,5	0,8
Colon	932	9,4	71,7	28,9	59,0	2,8
Recto e ano	488	4,9	37,6	16,3	31,4	1,7
Colorrectal	1.420	14,3	109,3	45,3	90,4	4,5
Fígado	329	3,3	25,3	10,7	21,2	1,3
Vesícula e vías biliares	79	0,8	6,1	2,2	4,9	0,2
Páncreas	266	2,7	20,5	8,4	16,9	0,9
Larinxe	137	1,4	10,5	4,8	8,9	0,6
Pulmón	1.450	14,6	111,6	46,5	93,5	5,3
Melanoma de pel	176	1,8	13,5	6,9	11,5	0,7
Próstata	2.626	26,4	202,1	83,7	170,5	10,4
Testículo	71	0,7	5,5	6,0	5,8	0,4
Ril	351	3,5	27,0	12,1	22,6	1,3
Vexiga urinaria	1.153	11,6	88,8	34,8	73,4	3,8
Encéfalo e SNC	124	1,2	9,5	5,3	8,3	0,5
Tiroides	68	0,7	5,2	3,4	4,6	0,4
Linfoma de Hodgkin	42	0,4	3,2	2,9	3,1	0,2
Linfomas non hodgkinianos	302	3,0	23,2	11,7	19,9	1,1
Mieloma	115	1,2	8,9	3,6	7,3	0,4
Leucemias	190	1,9	14,6	7,3	12,5	0,6
Outros tumores	406	4,1	31,3	15,4	26,6	1,5
Todos, excepto de pel non melanoma	9.957	100,0	766,5	333,0	644,2	36,6

Táboa 6. Número e porcentaxe de tumores incidentes, taxa bruta e taxas axustadas ás poboacións estándar mundial e nova europea e taxa acumulada de 0-74 anos. Datos por tipo de tumor en mulleres. Galicia, ano 2023.

Tipo tumoral	Número	Porcentaxe	Taxa bruta	Taxas axustadas		Taxa acumulada 0-74 anos
				Mundial	Europea 2013	
Beizo, cavidade oral e farinx	127	1,7	9,1	3,8	6,7	0,4
Esófago	25	0,3	1,8	0,7	1,4	0,1
Estómago	209	2,8	14,9	4,8	10,0	0,5
Colon	678	9,2	48,4	16,7	33,1	1,5
Recto e ano	308	4,2	22,0	8,2	15,7	0,9
Colorrectal	986	13,4	70,4	24,9	48,8	2,4
Fígado	94	1,3	6,7	2,7	4,8	0,3
Vesícula e vías biliares	69	0,9	4,9	1,4	3,1	0,2
Páncreas	290	3,9	20,7	6,2	13,6	0,6
Larinxe	16	0,2	1,1	0,5	0,9	0,1
Pulmón	582	7,9	41,6	18,2	32,6	2,2
Melanoma de pel	237	3,2	16,9	8,8	13,2	0,8
Mama	2.396	32,5	171,1	89,0	137,7	9,3
Cérvix uterino	114	1,5	8,1	5,5	7,1	0,5
Corpo uterino	332	4,5	23,7	10,6	18,5	1,2
Ovario	220	3,0	15,7	8,1	12,5	0,8
Ril	173	2,3	12,4	5,4	9,3	0,6
Vexiga urinaria	293	4,0	20,9	7,2	14,4	0,8
Encéfalo e SNC	119	1,6	8,5	4,9	7,0	0,5
Tiroides	268	3,6	19,1	13,4	17,3	1,3
Linfoma de Hodgkin	27	0,4	1,9	2,1	2,0	0,1
Linfomas non hodgkinianos	260	3,5	18,6	9,0	14,4	0,9
Mieloma	99	1,3	7,1	2,4	4,9	0,2
Leucemias	116	1,6	8,3	4,0	6,3	0,3
Outros tumores	313	4,2	22,4	9,5	16,6	0,9
Todos, excepto de pel non melanoma	7.365	100,0	525,9	243,0	403,2	25,0

Táboa 7. Número e porcentaxe de tumores incidentes, taxa bruta e taxas axustadas ás poboacións estándar mundial e nova europea, taxa acumulada de 0-74 anos e razón de incidencia home:muller (H:M). Datos por tipo de tumor en homes e mulleres. Galicia, ano 2023.

Tipo tumoral	Número	Porcentaxe	Taxa bruta	Taxas axustadas		Taxa acumulada 0-74 anos	Razón H:M
				Mundial	Europea 2013		
Beizo, cavidade oral e farinxe	393	2,3	14,6	6,8	11,8	0,8	2,6
Esófago	135	0,8	5,0	2,1	3,9	0,2	5,2
Estómago	485	2,8	18,0	6,4	13,4	0,7	1,8
Colon	1.610	9,3	59,6	22,3	44,6	2,1	1,8
Recto e ano	796	4,6	29,5	12,0	22,8	1,3	2,0
Colorrectal	2.406	13,9	89,1	34,3	67,4	3,4	1,9
Fígado	423	2,4	15,7	6,4	12,3	0,7	4,4
Vesícula e vías biliares	148	0,9	5,5	1,7	3,9	0,2	1,6
Páncreas	556	3,2	20,6	7,2	15,2	0,7	1,2
Larinxe	153	0,9	5,7	2,6	4,6	0,3	9,5
Pulmón	2.032	11,7	75,3	31,2	59,9	3,7	2,9
Melanoma de pel	413	2,4	15,3	7,8	12,4	0,8	0,9
Mama	2.396	13,8	88,8	46,2	72,8	4,8	-
Cérvix uterino	114	0,7	4,2	2,8	3,7	0,2	-
Corpo uterino	332	1,9	12,3	5,6	9,9	0,6	-
Ovario	220	1,3	8,1	4,2	6,6	0,4	-
Próstata	2.626	15,2	97,3	38,8	77,7	4,9	-
Testículo	71	0,4	2,6	3,0	2,9	0,2	-
Ril	524	3,0	19,4	8,5	15,4	0,9	2,4
Vexiga urinaria	1.446	8,3	53,6	19,8	40,7	2,2	5,1
Encéfalo e SNC	243	1,4	9,0	5,1	7,6	0,5	1,2
Tiroides	336	1,9	12,4	8,5	11,1	0,8	0,3
Linfoma de Hodgkin	69	0,4	2,6	2,5	2,6	0,2	1,5
Linfomas non hodgkinianos	562	3,2	20,8	10,2	16,8	1,0	1,4
Mieloma	214	1,2	7,9	3,0	6,0	0,3	1,5
Leucemias	306	1,8	11,3	5,6	9,0	0,5	2,0
Outros tumores	719	4,2	26,6	12,3	21,1	1,2	1,6
Todos, excepto de pel non melanoma	17.322	100,0	641,7	282,3	508,8	30,4	1,6

4. MORTALIDADE POR TUMORES NO ANO 2023

4.1. Mortalidade por tumores, por grupo de idade e sexo no ano 2023

Táboa 8. Número de defuncións por tumores, taxa bruta (TB) e taxa axustada á nova poboación estándar europea (TA) por grupo de idade e sexo. Galicia, ano 2023.

Grupo de idade	Defuncións en homes				Defuncións en mulleres			
	Nº	%	TB	TA	Nº	%	TB	TA
0-14 anos	2	0,0	1,3	1,3	3	0,1	2,1	1,9
15-44 anos	48	1,0	11,2	10,3	58	1,8	13,8	12,7
45-64 anos	900	18,4	218,7	220,7	573	17,8	133,4	132,5
>=65 anos	3.940	80,6	1.290,9	1.250,5	2.580	80,3	637,4	549,2
Todas as idades	4.890	100,0	376,4	306,5	3.214	100,0	229,5	147,3




Figura 4. Taxas específicas de mortalidade por tumores por sexo. Galicia, ano 2023.

4.2. Mortalidade por tumores por área sanitaria, por concello e sexo no ano 2023

Táboa 9. Número de defuncións por tumores, taxa bruta (TB) e taxa axustada á nova poboación estándar europea (TA) por área sanitaria e sexo. Galicia, ano 2023.

Área sanitaria	Defuncións en homes				Defuncións en mulleres			
	Nº	%	TB	TA	Nº	%	TB	TA
A Coruña	894	18,3	334,3	286,2	610	19,0	208,2	141,5
Santiago	857	17,5	397,7	333,9	511	15,9	221,2	145,7
Ferrol	372	7,6	416,7	320,0	230	7,2	238,4	144,8
Lugo	642	13,1	408,1	276,1	433	13,5	259,4	143,9
Ourense	658	13,5	449,8	294,7	435	13,5	274,8	143,3
Pontevedra	531	10,9	358,1	329,6	338	10,5	213,2	150,2
Vigo	936	19,1	340,4	317,7	657	20,4	221,9	159,3
Galicia	4.890	100,0	376,4	306,5	3.214	100,0	229,5	147,3




Figura 5. Taxas axustadas de mortalidade por tumores, por comarca e sexo. Galicia, ano 2023.

4.3. Mortalidade por tumores, por tipo tumoral e sexo no ano 2023




Figura 6. Número de defuncións por tumores, por tipo tumoral e sexo. Galicia, ano 2023.

Táboa 10. Número e porcentaxe de defuncións por tumores, taxa bruta e taxas axustadas ás poboacións estándar mundial e nova europea e taxa acumulada de 0-74 anos. Datos por tipo de tumor en homes. Galicia, ano 2023.

Tipo tumoral	Número	Porcentaxe	Taxa bruta	Taxas axustadas		Taxa acumulada 0-74 anos
				Mundial	Europea 2013	
Beizo, cavidade oral e farinx	131	2,7	10,1	4,5	8,5	0,5
Esófago	124	2,5	9,5	3,8	7,9	0,4
Estómago	223	4,6	17,2	6,4	14,0	0,6
Colon	452	9,2	34,8	11,5	27,9	1,0
Recto e ano	188	3,8	14,5	5,1	11,7	0,5
Colorrectal	640	13,1	49,3	16,6	39,6	1,4
Fígado	297	6,1	22,9	8,6	18,7	0,9
Vesícula e vías biliares	30	0,6	2,3	0,8	1,9	0,1
Páncreas	302	6,2	23,2	8,8	18,9	0,9
Larinxe	72	1,5	5,5	2,3	4,6	0,3
Pulmón	1.202	24,6	92,5	36,2	76,7	3,9
Melanoma de pel	40	0,8	3,1	1,1	2,5	0,1
Próstata	482	9,9	37,1	9,8	29,2	0,5
Testículo	5	0,1	0,4	0,3	0,3	0,0
